

## A propósito do concepto de literatura bretona en lingua francesa

María González Lopo

Ao achegármonos á noción de «literatura bretona en lingua francesa» sorprende, primeiro, a inmensa variedade de opinións existentes sobre a cuestión; logo, a carencia, bastante estendida, de criterios metodolóxicos no seu tratamento. Se afondamos un pouco no tema, decatámonos de que son, estes, aspectos comprensibles no proceso de definición dun concepto tan espiñento como é unha literatura nacional; sen embargo, qué sinxelo non sería en condicións políticas e socioculturais normalizadas, que favoreceran o desenvolvemento dun país: «...a literatura dun país, dunha nación, é a que está escrita na lingua propia dese país ou nación...»<sup>1</sup>

A sinxeleza e a lucidez de tal afirmación non poden certamente ser aplicadas sen matices, pero lonxe de calificar de estreito este posicionamento, como pretende, entre outros, Jean Marie Le Sidaner<sup>2</sup>, convértese nunha cuestión fundamental á hora de abrir o debate.

A reivindicación da existencia dunha literatura nacional sen lingua propia non é un problema exclusivo da Bretaña; ben en francés ou noutras linguas, como o inglés ou o español, numerosos países (cf. América Latina) que padeceron unha colonización política e cultural establecen a súa diferenza para coa lingua vehicular da súa literatura: así, falamos hoxe de literatura quebequesa, magrebina ou mexicana.

Con relación aos estados independentes, o caso da Bretaña é aínda máis complicado, xa que este país pertence á categoría, por outra banda bastante frecuente en Europa, de «nación sen estado». As circunstancias da súa historia queren que, dende hai moito tempo, coexistisen na Bretaña dúas linguas<sup>3</sup> que mantiveron e manteñen unhas relacións moi tensas e complexas, especialmente dende a anexión da Bretaña por Francia no 1532. Os rudos golpes sufridos pola lingua e a cultura bretonas a

1. Anxo Tarrío Varela, *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*, Vigo: Xerais, col. universitaria, 1994, p. 9.

2. Jean Marie Le Sidaner, «La Bretagne au pluriel», in *Europe*, n° 625, Mai 1981, p. 3.

3. Máis adiante aludiremos ao caso do gallo.

partir desta data ocasionaron, nun longo proceso de imperialismo político e colonialismo lingüístico, o advir da diglosia e a progresiva perda da lingua en amplos sectores da poboación. Trátase do fenómeno coñecido como «desbretonización».

O horizonte literario da Bretaña actual defínese pola súa complexidade. Nun panorama plural coexisten unha literatura bretona bretonante (en lingua bretona), unha literatura que se pretende bretona de lingua francesa, escritores bilingües que utilizan as dúas linguas e unha literatura francesa, sen esquecer a literatura en *gallo*, lingua que loita por ver recoñecido o seu estatuto como tal<sup>4</sup>.

Cómpre dicir que a denominación 'literatura bretona' non goza dunha total unanimidade e que existen detractores, ben entre os nacionalistas bretonantes, ben entre aqueles para os que toda literatura escrita en francés é competencia da literatura francesa. Partindo de razoamentos opostos, chégase ás mesmas conclusións. Para unha maioría de bretonantes, a literatura bretona sería entón exclusivamente aquela escrita en lingua bretona. É neste sentido no que hai que entender a resposta de Yann-Ber Piriou á pregunta «¿que é bretón na literatura en Bretaña?», pregunta que formaba parte dun cuestionario máis amplo dirixido pola revista *Bretagnes*<sup>5</sup> a varios escritores no ano 1976:

Sede aze ur gudenn hag a zo kentoc'h hini ar skrivagner galleger. Evidonme, e-maez eus ar yezh, ne welan ket penaos termenañ ar pezh a zo breizhek en hol lennegezh<sup>6</sup>

Piriou comparte a opinión de Roparz Hémon, do que recolle as declaracións no prólogo da súa histórica antoloxía *Défense de cracher par terre et de parler breton* ('Prohibido cuspir e falar bretón'): «Qu'ils l'accusent de n'être pas bretonne, d'être anti-bretonne. Elle n'en a cure. Elle est écrite en breton»<sup>7</sup>.

Dende este punto de vista, a denominación non respondería a unha necesidade de diferenciación da literatura francesa, senón todo o contrario. Sería considerada como unha manobra de asimilación, de penetración máis eficaz por parte da lingua colonizadora. Xa non lle sería entón necesario a un escritor dominar a lingua, nin sequera coñecela para apropiarse da etiqueta distintiva de escritor bretón, prexudicando, á longa, a esta literatura da que se reivindica parte integrante:

Si notre langue meurt, il faudra bien ranger au nombre des causes de sa disparition, l'absentéisme de nos grands écrivains qui tout en 'souhaitant

4. O *gallo*, da familia das linguas de *oïl*, é falado na metade oriental da Bretaña. Considerado durante moito tempo como un dialecto arcaico do francés, a súa situación é hoxe en día moi preocupante, cunha perda sistemática e continua do número de falantes.

5. *Bretagnes*, revista político-literaria dirixida por Paol Keineg, Morlaix, 1975-1978, 9 números. A importancia desta revista no proceso de definición e caracterización do concepto de literatura bretona de lingua francesa foi determinante. Volveremos sobre ela máis adiante.

6. «Eis un problema que é máis ben o do escritor francófono. Para min, fóra da lingua, non vexo como definir o que é bretón na nosa literatura», in *Bretagnes*, n° 3, été 1976, p. 28. Citado e traducido por Pascal Rannou, «Approche du concept de littérature bretonne de langue française», in *Métissage du texte. Bretagne. Maghreb. Québec*, actes du colloque, Rennes: P.U.R., 1993, p. 81.

7. «Que a acusen de non ser bretona, de ser anti-bretona. Pouco lle importa. Está escrita en bretón.» (Roparz Hémon, in *Kornog*, n° 2/3, citado por Yann-Ber Piriou, *Défense de cracher par terre et de parler breton*, Paris: Oswald, 1977 (1ère éd. 1971), p. 22.

ardemment' que la langue bretonne vive, l'ont délaissée pour donner tout leur talent à la langue de l'État<sup>8</sup>

É neste sentido no que habería que entender o rexeitamento dunha traducción sistemática ó francés das obras bretonas, rexeitamento expresado por algúns escritores bretonantes, Piriou entre eles: «...Si ce que nous faisons vaut la peine, alors on apprend le breton. Si ça ne vaut pas la peine, alors autant parler d'autre chose»<sup>9</sup>

Fronte a este criterio distintivo exclusivamente lingüístico, atopámonos hoxe na Bretaña con toda unha serie de escritores contemporáneos para os que a perda da lingua é algo moi recente; algúns deles son bilingües ou diglósicos, pero para a maioría os coñecementos de bretón limítanse a algunhas palabras de vocabulario. Esta perda vívena como unha profunda carencia existencial, converténdose adoito nun dos detonantes da súa busca vital identitaria e do seu proceso de escritura. Estes escritores, privados dunha lingua marcadora de identidade, intentarán inscribir nos seus textos a súa diferenza, a súa especificidade como creadores e como bretóns. Sérvense para isto, nunha progresión consciente, de toda unha serie de recursos temáticos e formais. Pero o proceso non é, evidentemente, tan sinxelo.

Para tentar definir esta literatura bretona francófona, apelouse a diferentes criterios (xeográficos, lingüísticos, temáticos...), pero, na análise, ou ben se lles deu a todos a mesma importancia, ou ben non se enfocou a cuestión máis que baixo a luz exclusiva dun deles, e estes non semellan ser os camiños máis adecuados. A perda forzada e forzosa da lingua, e en consecuencia a elección non voluntaria da lingua francesa como medio de expresión creadora, son as razóns que se sitúan na orixe da existencia desta literatura. Apuntaría nesta dirección ese estado de desequilibrio evocado por Kristian Keginer<sup>10</sup> que, segundo el, caracterizaría á literatura bretona de lingua francesa fronte á serenidade dunha literatura bretonante que non ten, ela, nada que demostrar... pois posúe a lingua. Estes escritores francófonos sentiranse constantemente postos a proba. Pediráselles (e eles pediranse a si mesmos) que enarboren a súa bretonidade, o que evidentemente se traducirá no desacougo, a axitación e o espírito de busca decote presentes na súa escritura e nas relacións tan controvertidas que algúns deles manteñen coa súa lingua de creación, o francés: «ce sont eux qui revendiquent avec le plus de véhémence leur identité»<sup>11</sup>

Esta constante necesidade de auto-xustificación, explicaría esa curiosa evolución temática diverxente, comentada por Pascal Rannou basándose nos estudos de Francis Favereau, quen constatará que, no campo da narrativa, os bretonantes

---

8. «Se a nosa lingua morre, haberá que engadir ás causas da súa desaparición, o absentismo dos nosos grandes escritores, que mesmo 'desexando ardentemente' que a lingua bretona viva, abandonárona para dar todo o seu talento á lingua do estado». Cita de Calloc'h, in Palaux, *Un barde breton, Jean Pierre Calloc'h-Bleimor-, sa vie et ses œuvres inédites*, Quimper: Le Goaziou, 1926, p. 131, recollida por Anne-Denes Martin, *La poésie bretonne d'expression française de Tristan Corbière à nos jours*, thèse de doctorat d'état, Université de Bretagne Occidentale (Brest), 1978, p. 147.

9. «Se o que facemos paga a pena, entón que se aprenda o bretón, se non paga a pena, entón mellor falar doutra cousa». Cita de Piriou, in Philippe Durand, *Anthologie de la chanson populaire en Bretagne*, Paris: Oswald, tome I, p. 20, recollida por Anne-Denes Martin, op. cit., p. 21.

10. Kristian Keginer, in *Bretagnes*, n° 1, hiver 1975-1976, p. 19.

11. «Son eles os que reivindicán con máis vehemencia a súa identidade» (Anne-Denes Martin; op. cit., p. 21).

abandonaron progresivamente os temas «bretóns» dende 1945, «...laissant la celtitude d'apparence aux romanciers français, tandis que leur bretonnitude se réduit à leur langue»<sup>12</sup>.

Unha pregunta aparece entón como evidente, ¿existe neses escritores francófonos unha verdadeira vontade de achegamento e de recuperación da lingua bretona ou unha simple constatación da súa perda? Dito doutro modo, ¿Tentaron aprendela, reaprendela ou, polo menos, interesáronse por ela? Esta condición será esencial na opinión de moitos dos escritores participantes no debate aberto sobre a literatura bretona na revista *Bretagnes*, converténdoa nunha cuestión de respecto e de xustiza para cos bretonantes, nun espírito de integración moi ben ilustrado nesta revista, onde se preconiza: «la rencontre et l'union des deux littératures pour le bien du peuple breton»<sup>13</sup>.

A cuestión de fondo deste debate vai máis aló do exclusivamente literario e penetra no ámbito da identidade nacional, política e filosófica: ¿é posible a existencia dunha identidade bretona sen lingua bretona?, e, se é así, ¿por canto tempo?; ¿converteuse o francés nunha lingua bretona? As respostas son múltiples, matizadas, comprometidas, radicais ou conciliadoras. O debate segue aberto. Francis Favereau é da opinión de Morvan Lebesque<sup>14</sup> et de Le Scouëzec<sup>15</sup>. Tomando o exemplo de Irlanda, explica que a identidade non está exclusivamente unida ao único destino da lingua, e fala de identidades máis que de identidade: «...comme il est des Bretagne(s)»<sup>16</sup>.

Esta é tamén a opinión de Philippe Durand, expresada durante os debates da revista *Bretagnes*: «On peut être Breton (authentiquement) et ne pas parler la langue bretonne»<sup>17</sup>.

Evidentemente existe unha opinión diverxente, a dunha grande maioría de bretonantes para os que esta actitude de aceptación contribúe á desaparición da súa lingua e da súa cultura.

Pero, ¿cal é o reflexo desta controversia no marco que nos ocupa, é dicir, no propiamente literario? Como xa anteriormente mencionamos, esta delicada cuestión da identidade é a causa da mestura de criterios existente á hora de definir e de caracterizar un espacio literario que, malia todo e malia todos, existe e renóvase cada día na Bretaña: a literatura bretona de lingua francesa. Esta literatura tenta de atopar o seu lugar, o seu espacio, entre unha literatura bretona bretonante, desgraciadamente minoritaria, e unha literatura francesa que rexe nas redes de edición e de distribución, e que é patrimonio cultural do escritor e do seu lector. A necesidade

12. «...deixando o celtismo aparente aos novelistas franceses, mentras que a súa bretonidade se limita á súa lingua» in Pascal Rannou, op. cit., p. 81.

13. «O encontro e a unión das dúas literaturas polo ben do pobo bretón», in *Bretagnes*, n° 2, printemps 1976, p. 31.

14. Morvan Lebesque, *Comment peut-on être breton?*, Paris: Seuil, coll. Points actuels, 1984 (1ère éd. 1970), p. 220.

15. Gwenc'hlan Le Scouëzec, prólogo a Paol Keineg; *Hommes liges des talus en transe*, Paris: Oswald, 1969, p. 17.

16. «...como Bretaña(s) existen» (Francis Favereau, *Bretagne contemporaine. Langue, culture et identité*, Morlaix: Skol Vreizh, 1993, pp. 140, 221).

17. «Pódese ser bretón (autenticamente) e non falar a lingua bretona» (Philippe Durand, in *Bretagnes*, n° 2, p. 31).

de definirse e de berrar a súa especificidade nace, en primeira instancia, nos mesmos escritores, que fan ben a diferenza entre eles e eses «falsos poetas» que adornan os seus textos de imaxes típicas e tópicas dunha Bretaña anquilosada, na esperanza de «semellar bretón»:

Petits chantonneurs de la matière bretonne  
rengainiez vos guitares  
les gabarres sur la mer créent des sônes de sang<sup>18</sup>

Este espírito de auto-afirmación inflámase fronte a tentativas asimiladoras, como a dos «Escritores do Oeste». Os ecos desta querela, que segundo Antonakis<sup>19</sup> existe dende 1930, foron recollidos en varios números da revista *Bretagnes*<sup>20</sup>.

É precisamente no seo desta revista onde naceu, segundo Marc Gontard<sup>21</sup>, unha primeira definición desta literatura; trataríase, afirma Kristian Keginer, dunha «creación bretona de lingua francesa», e precisa: «création bretonne de mots français, ou à partir de mots français»<sup>22</sup>.

O escritor mantén, con esta lingua francesa, unhas relacións complicadas, nas que moitas veces se sente atrapado. Instrumento de creación e, ó mesmo tempo, memoria viva deste exilio cultural e lingüístico da que debería ser lingua nai: «je n'oublie jamais que cette langue française a du sang sur les mots»<sup>23</sup>.

Un traballo de escritura, pois, na lingua e contra a lingua que para Michel Dugué non sería exclusivo da literatura bretona de lingua francesa, senón o propio da creación literaria en xeral:

la littérature bretonne francophone (...) fait cause commune avec un mouvement littéraire général dans lequel, sans pourtant s'y dissoudre, elle ne soulignera pas sa spécificité<sup>24</sup>.

O específico, no caso que nos ocupa, non sería, evidentemente, o principio do funcionamento poético da lingua, senón as características dese funcionamento nestes

---

18. «Cantaruxeiros da materia bretona / enfundade as vosas guitarras / as gabarras no mar crean cantos de sangue», in Xavier Grall, *La sône des pluies et des tombes*, Quimper: Calligrammes, 1990 (1ère éd. Keleñn, 1976), p. 41. *Sônes* é un afrancesamento da palabra bretona *Sonioù*, que designa un tipo de cantos tradicionais.

19. Antoine Antonakis Le Clec'h, «Poètes de Bretagne» in *La nouvelle tour de feu*, n° 16-17-18, éd. du Soleil Natal, 1988, p. 9. A asociación rexionalista dos «Escritores do Oeste», agrupa a toda unha serie de escritores, narradores e poetas, que, apelando a unha certa sensibilidade compartida por un hipotético «Grande Oeste» francés, rexeitan todo tipo de especificidade nacionalista dos escritores bretóns.

20. V. *Bretagnes*, n°s 3, 4, 5.

21. Marc Gontard, «Pour une littérature bretonne de langue française», in *Écrire La Bretagne, 1960-1995*, Rennes: P.U.R., Plurial 5, 1995, p. 26.

22. «Creación bretona de palabras francesas, ou a partir de palabras francesas», in *Bretagnes*, n° 6, p. 19.

23. «Nunca esquezo que esta lingua francesa ten sangue nas palabras» (Hervé Carn, «Un gant trop large: Méditation d'un écrivain breton de langue française», in *Métissage...*, cit., p. 24).

24. «A literatura bretona francófona (...) fai causa común cun movemento literario xeral no que, aínda sen disolverse, non subliñaría a súa especificidade» (Michel Dugué, *Bretagnes*, art. cit., p. 65).

autores: ¿dobre distancia respecto á lingua das orixes?, ¿tratamento da distancia na poesía?, ¿grao da estrañamento? E os medios concretos da súa realización: presenza dunha lingua bretona que penetra no vocabulario e na sintaxe dos textos franceses, estrañamento que se deriva, xogo de presencias e de ausencias, das traducións, sen esquecer o status tan especial dunha lingua francesa moitas veces estalada, etc.; en palabras de Hervé Carn:

Le sentiment qu'écrire en français, pour reprendre le beau titre de Louis Guilloux, fait partie de ces batailles perdues, *—il ajoute que cela permet...—* d'expliquer un peu ma manière d'écrire; rebutante pour certains, faite de courtes phrases, d'un vocabulaire minimal...<sup>25</sup>.

«Creación bretona de lingua francesa». A investigación ao nivel lingüístico podería ser un primeiro terreo de estudo na xustificación dunha especificidade e na caracterización desta literatura, xa que, como afirma Jacques Fleurent, «le français est aussi une langue bretonne, mais il convient que ce français porte dans sa forme, l'originalité de la pensée bretonne»<sup>26</sup>.

No que atinxe a esa «creación bretona», Hervé Carn declara, referíndose á súa maneira de escribir:

mais sauvée du néant-du degré zéro- par l'écho des vagues et le souvenir de l'orphéon d'une forge et du rire des dieux (...) Je sais que ce porte-à-faux est partagé par d'autres écrivains de ma génération sous différents modes évidemment...<sup>27</sup>.

Beirado da memoria dunha lingua, dun herdo mítico e cultural que sería algo máis que un espellismo ou unha simple postura, pero, ¿como aprehendela, esta creación bretona?

Algúns criterios, como o xeográfico, foron retidos neste proceso de definición. Pero ¿a quen considerar como escritor bretón: o que naceu na Bretaña, o que escribe nela, o que fala dela, o que ten unha ascendencia bretona? O feito de que se trate dun criterio extra-literario explica a enorme ambigüidade que del se deriva, e a súa carencia de interese na nosa análise, sen esquecer que, partindo de presupostos inxustificables, pódense tirar facilmente conclusións erróneas, como por exemplo cando só se lles esixe aos escritores nados noutra parte a presenza efectiva da Bretaña nos seus textos. Un exemplo desa falta de rigor metodolóxico sería a selección de autores presentes na antoloxía poética realizada por Antonakis<sup>28</sup>, na que,

25. « (...) o sentimento de que escribir en francés, retomando o fermoso título de Louis Guilloux, forma parte desas batallas perdidas *-engade que iso permite...-* explicar un pouco a miña maneira de escribir; que algúns atopan prosmeira, feita de frases curtas, dun vocabulario mínimo...» (Hervé Carn, op. cit., p. 24).

26. «O francés tamén é unha lingua bretona, pero convén que este francés manifieste na súa forma a orixinalidade do pensamento bretón» (in *Bretagnes*, n°3, p. 26).

27. «pero salvada da nada -do grao cero- polo eco das ondas e o recordo do orfeón dunha forxa e do riso dos deuses (...) Sei que este beirado é compartido por outros escritores da miña xeración, baixo diferentes formas evidentemente...» (Hervé Carn, op. cit., pp. 24-25).

28. Antoine Antonakis Le Clec'h, op. cit.

sen explicación preliminar, aparecen mesturados poetas que escriben en bretón, en francés e os que utilizan as dúas linguas; tamén aparecen poetas nados na Bretaña ou noutro país, de pais bretóns ou non bretóns. Para o antoloxista, o criterio lingüístico non é máis que un entre outros moitos, situándoo ao mesmo nivel que a ascendencia ou o lugar de nacemento. Esta subxectividade conduce a ausencias sorprendentes e a inclusións bastante fantasiosas.

Unha pequena paréntese impónse para comentar a actitude dos antoloxistas, que sorprende pola súa heteroxeneidade, debida, entre outras cousas, ó feito de ter en conta principios non exclusivamente literarios, senón tamén políticos, xeográficos, etc. Así, se collemos o caso da poesía, podemos atopar reunidos baixo o común denominador de poesía bretona poetas exclusivamente francófonos, exclusivamente bretonantes, ou poetas que escriben nas dúas linguas. Como a selección non sempre está xustificada polo antoloxista, esta pode conducir ó lector a unha visión moi parcial, mesmo deformada da realidade. É o caso de antoloxías con títulos xerais e plurais como, por exemplo, as de Charles Le Quintec<sup>29</sup>, nas que a presenza da literatura bretonante é da orde do anecdótico, e baixo a forma da súa tradución francesa<sup>30</sup>, falseando deliberadamente un horizonte literario plural. Esta actitude de eliminación completa dunha das literaturas é diametralmente oposta á das antoloxías parciais cunha liña definida. Tomemos, por exemplo, a antoloxía publicada por Telen Arvor, na que unha nota previa explica a selección, feita neste caso concreto, entre os poetas francófonos<sup>31</sup>. E a mesma actitude dáse nas antoloxías bilingües, que mostran unha vontade de integración das dúas literaturas<sup>32</sup>.

Esta vontade de integración, de orixe tanto literaria como política, é a miúdo anfíbolóxica, pois as dúas literaturas non son xeralmente tratadas por igual. Así, nestas antoloxías, a tradución sistemática do texto bretón ó francés é case de rigor, non ocorrendo o mesmo co texto francés. A revista *Bretagnes*, que loita por «le langage breton, quels que soient ses mots...»<sup>33</sup> e que ten un espírito de unión que xa evocamos anteriormente (cf. p.4: «il y a une culture nationale double. Il y a une culture et deux langues»<sup>34</sup>), outorga sen embargo un lugar mínimo á expresión bretonante, ausencia que non deixa de nos sorprender, sobre todo tendo en conta o espírito de abertura dunha revista onde outras literaturas minoritarias atopan o seu espacio<sup>35</sup>.

Nesa heteroxeneidade de escrituras á que nos vemos enfrontados ó abordarmos os escritores bretóns francófonos, trataríase de atopar eses trazos temáticos e for-mais comúns, consecuencia da súa pertenza consciente e voluntaria á Bretaña, que Jacques Josse<sup>36</sup> evoca como o *lugar* común da súa inspiración. Algúns críticos

29. Charles Le Quintec, ; *Anthologie de la poésie bretonne. 1880-1990*, Paris: La Table Ronde, 1980 ou reunindo prosa e poesía *Littératures de Bretagne*, Rennes: Ouest-France, 1992.

30. Única excepción feita na *Anthologie...*: un poemíña de Per Jakez Hélias na páxina 213, ao lado da súa versión francesa.

31. *Poètes bretons d'aujourd'hui*, Quimper: Telen Arvor, 1976.

32. Pódese citar por exemplo a Philippe Durand, «La voix des jeunes bretons», in *Europe*, op. cit., pp. 45-69.

33. «A linguaxe bretona, calquera que sexan as súas palabras», in *Bretagnes*, n° 1, p. 7. Esta expresión de «linguaxe bretona» reaparecerá constantemente noutros números.

34. «Hai unha cultura nacional dobre. Hai unha cultura e dúas linguas», in *Bretagnes*, n° 1, p. 19.

35. cf. no n° 2 a presenza da poesía feminina negra americana.

36. Jacques Josse; *Un état des lieux. 23 poètes de Bretagne aujourd'hui*, Rennes: Ubacs, 1989, p. 9.

e antoloxistas tiveron a intuición desta especificidade, calificándoa de «un certo xiro»<sup>37</sup>, do que é «imperceptible»<sup>38</sup>, dunha maneira de «respirar Bretaña»<sup>39</sup>. Cómpre ter unha visión de conxunto da cuestión para sinalar esas *constantes* –Anne-Denes Martin– ou eses *indicios* –Marc Gontard– que se manifestan nestes escritores.

No que atinxe á temática, segundo Anne-Denes Martin<sup>40</sup>, o mito literario bretón, nado no século XIX, chegaría ata os nosos días, reactualizado pola obra de Tristán Corbière –francófono– e de Yann-Ber Calloc’h –bretonante–: presenza dun imaxinario celta, do lexendario, do lugar común do «triste usque ad mortem», da descripción da paisaxe herdada dos románticos, etc. A ese mito engadíranse tódolos novos temas que xurdiron a partir dos anos 60-70, coa toma de conciencia nacionalista: exilio, alienación, loita política, alteridade, errancia, memoria, novo tratamento da paisaxe, etc. Trataríase de estudar a apropiación e as diferentes relacións mantidas polos escritores con eses temas.

Thierry Glon<sup>41</sup> rexeita esta idea da existencia dunha temática bretona; adianta ó mesmo tempo a interesante hipótese da presenza nestes escritores da Bretaña como sistema de representacións, como «funcionamento». No momento no que Bretaña semella escapárselles das mans, no que a cuestión da identidade é o tema de acendidos debates, xa que o que está en xogo non é só a identidade colectiva e nacional, senón tamén a propia identidade individual... «brandir une Bretagne plus intense pour s’aider à exister...dans un monde inacceptable»<sup>42</sup>.

Reacción consciente fronte ó medo da perda; recordemos a controvertida cita de Engels sobre Irlanda recollida por Le Scouëzec: «Quant aux autochtones, ils devenaient plus irlandais à mesure qu’ils apprenaient l’anglais et oubliaient leur langue natale»<sup>43</sup>.

Este «funcionamento» cadraría coas opinións de Keginer xa mencionadas anteriormente: «est bretonne la littérature qui devient bretonne»<sup>44</sup>, e respondería, en literatura, a este proceso voluntario de creación ou re-creación dun estado, dun pobo, evocado por Lebesque: «il me faut vivre La Bretagne en surplus ou pour mieux dire, en conscience»<sup>45</sup>. Este funcionamento mítico, que Glon denomina *Recouvrance*, ‘recuperación’, remontaría, segundo el, máis aló dos anos 60, momento no que se formula esta teoría dunha especificidade dunha literatura bretona de lingua francesa, tendo as súas orixes no século XIX, época de constitución do mito literario bretón.

37. Jean Marie Le Sidaner; in *Europe*, cit., p. 4.

38. Jean Markale, in *Bretagnes*, n° 2, p. 33.

39. Antoine Antonakis Le Clec’h, op. cit., p. 62.

40. Anne-Denes Martin, op. cit.

41. Thierry Glon, *La littérature bretonne d’expression française, de 1960 à 1980*, thèse de doctorat d’université, Université de Haute Bretagne-Rennes II, 1993, p. 15.

42. «Brandir unha Bretaña máis intensa para axudarse a existir...nun mundo inaceptado» (Thierry Glon, «Écrivains de La Recouvrance (1960-1980)», in *Écrire La Bretagne*, cit., pp. 33-34.

43. «En canto aos autóctonos, volvíanse cada vez máis irlandeses a medida que aprendían o inglés e esquecían a súa lingua nai» (Gwenc’hlan Le Scouëzec, op. cit., p. 18).

44. «É bretona a literatura que se volve bretona» (*Bretagnes*, n° 5, p. 20).

45. «Teño que vivir A Bretaña como ese ‘algo máis’ ou, mellor dito, en conciencia» (Morvan Lebesque, op. cit., p. 18).

«La mise en oeuvre d'un imaginaire autre»<sup>46</sup> situaríase para Marc Gontard nas orixes desta literatura. É esta a opinión de numerosos críticos (Dugué, Antonakis...) para os que a presenza e a integración do fondo cultural céltico é a clave que determina esta «maneira de aprehender o mundo» evocada, entre outros, polo escritor Xavier Grall<sup>47</sup>. A súa traducción no plano formal, manifestaríase na vontade de re-escritura de xéneros literarios tradicionais, consecuencia da asimilación deste herdo poético-mítico, reutilizado e reactualizado, máis tamén a través doutros medios como poden ser a práctica textual da subversión ou da mestizaxe.

*María González Lopo*  
Universidade de Rennes. Bretagne

---

46. «A posta en práctica dun imaxinario 'outro'» (Marc Gontard; op. cit., p. 28).

47. Xavier Grall, in *Bretagnes*, op. cit., n° 2, p. 33.